| 893,82<br>322,59<br><br>23/1/17<br>23/1/17<br>27/2/17<br>28/2/17 | 893,82<br>322,59<br><br>27/2/17<br>28/2/17<br>29/3/17<br>30/3/17 | 893,82<br>322,59<br><br>29/3/17<br>30/3/17<br>25/4/17<br>28/4/17 | 893,82<br>322,59<br><br>25/4/17<br>27/4/17<br>29/5/17<br>31/5/17 | 893,82<br>322,59<br><br>29/5/17<br>30/5/17<br>29/6/17<br>30/6/17 | 893,82<br>322,59<br><br>29/6/17<br>30/6/17<br>29/6/17<br>30/6/17 | 893,82<br>322,59<br><br>27/7/17<br>28/7/17<br>29/8/17<br>31/8/17 | 962,58<br>325,14<br><br>29/8/17<br>29/9/17 | 901,60<br><br><br>29/9/17<br>29/9/17 |

*<u>Persoal non docente:</u>*
*M.M., M. E..- Conserxe*
*Salario bruto: 4.772,05 €.*
*S.S.: 1.545,39 €.*

| Mes 1<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 2<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes3<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 4<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 5<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 6<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 7<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes8<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data<br>pago | Mes 9<br>S.B<br>SS<br>Data<br>aproba<br>Data pago |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 516,58<br>190,14<br><br>23/1/17<br>23/1/17<br>27/2/17<br>28/2/17 | 516,58<br>190,14<br><br>27/2/17<br>28/2/17<br>29/3/17<br>30/3/17 | 516,58<br>190,14<br><br>29/3/17<br>30/3/17<br>25/4/17<br>28/4/17 | 516,58<br>190,14<br><br>25/4/17<br>27/4/17<br>29/5/17<br>31/5/17 | 516,58<br>190,14<br><br>29/5/17<br>30/5/17<br>29/6/17<br>30/6/17 | 516,58<br>190,14<br><br>29/6/17<br>30/6/17<br>29/6/17<br>30/6/17 | 587,46<br>212,50<br><br>27/7/17<br>28/7/17<br>29/8/17<br>31/8/17 | 563,34<br>192,05<br><br>29/8/17<br>29/8/17<br>29/09/17<br>29/09/17 | 521,77<br><br><br>29/9/17<br>29/9/17 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |

*Limpadora:*
*Salario bruto: 3.350,56 €.*
*S.S.: 1.309,52 €.*

| *Mes 1<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 2<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes3<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 4<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 5<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 6<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 7<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes8<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* | *Mes 9<br>S.B<br>SS<br>Data aproba<br>Data pago* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *418,82<br>163,69<br><br>23/1/17<br>23/1/17<br>27/2/17<br>28/2/17* | *418,82<br>163,69<br><br>27/2/17<br>28/2/17<br>29/3/17<br>30/3/17* | *418,82<br>163,69<br><br>29/3/17<br>30/3/17<br>25/4/17<br>28/4/17* | *418,82<br>163,69<br><br>25/4/17<br>27/4/17<br>29/5/17<br>31/5/17* | *418,82<br>163,69<br><br>29/5/17<br>30/5/17<br>29/6/17<br>30/6/17* | *418,82<br>163,69<br><br>29/6/17<br>30/6/17<br>29/6/17<br>30/6/17* | *418,82<br>163,69<br><br>27/7/17<br>28/7/17<br><br>29/8/17<br>31/8/17* | | *418,82<br><br><br>29/9/17<br>29/9/17* |

*Segundo.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade co expresado na táboa anterior.*

*Terceiro.- Declarar que para esta mesma actuación que se xustifica non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.*

*Cuarto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".*

**Expediente 202/2017. Dación de conta de resolución de Alcaldía de aprobación de conta xustificativa de subvención para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte:

*"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*En relación coa axuda concedida polo importe de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto, ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

*Vista a documentación que consta no expediente e a certificación da Intervención Municipal de que todos os gastos están contabilizados e que se deu cumprimento á finalidade da subvención concedida.*

*Esta Alcaldía, RESOLVE:*

*A aprobación da conta xustificativa da subvención concedida polo importe total de seis mil cincocentos cincuenta e seis euros con vinte e oito céntimos (6.556,28 €), segundo os seguintes conceptos:*

*Primeiro.- Que se tomou razón na contabilidade municipal dos custos totais da contratación de persoal nas oficinas de Turismo 2017, nos meses de xullo e agosto e que ascenden a un total de seis mil cincocentos cincuenta e seis euros con vinte e oito céntimos (6.556,28 €), de coformidade co seguinte:*

** M. M.C., Y.;*
*Salario bruto xullo: 1.035,49 euros.*
*Seguridade Social xullo: 387,79 euros.*
*Salario bruto agosto: 1.465,67 euros.*
*Seguridade Social agosto: 389,29 euros.*

** I. B., B.,*
*Salario bruto xullo: 1.035,49 euros.*
*Seguridade Social xullo: 387,79 euros.*
*Salario bruto agosto: 1.465,67 euros.*
*Seguridade Social agosto: 389,29 euros.*

*Que os diferentes gastos se aprobaron por Resolución de Alcaldía nas seguintes datas:*
*Salario bruto xullo: 27/07/2017*
*Seguridade Social xullo: 29/908/2017*
*Salario bruto agosto: 29/08/2017*
*Seguridade Social: 29/09/2017*

*Que os salarios brutos e a Seguridade Social pagáronse nas seguintes datas:*
*Salario bruto xullo: 28/07/207*
*Seguridade Social xullo: 31/08/2017*
*Salario bruto agosto: 29/08/2017*
*Seguridade Social: 29/09/2017*

*Segundo.- Que de conformidade coa documentación que consta na contabilidade e no expediente deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida".*

| **Expediente 663/2017. Dación de conta de aprobación da conta xustificativa da axuda concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e recursos turísticos no medio rural-2017, cofinanciadas co FEADER no marco PDR de Galicia 2014-2020** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentim |

| | |
|---|---|
| | ento |

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte:

*"RESOLUCIÓN*

*Vista a subvención concedida ao abeiro da Resolución da Axencia Turismo de Galicia de data 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e se anuncia a convocatoria para o ano 2017, para a instalación e adecuación de casetas de aseos para mellora na accesibilidade polo importe de catorce mil seiscentos sesenta e nove euros con vinte e seis céntimos (14.669,26 €).*

*Vista a certificación do interventor municipal que fai constar que a conta xusticativa para a instalación e adecuación de casetas de aseos para mellora na accesibilidade, ascende a un total de dezanove mil cincocentos cincuenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (19.559,65 €).*

*Vista a memoria redactada dos equipamentos instalados e que se engade como ANEXO I a esta Resolución, esta Alcaldía RESOLVE:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa con cargo á subvención concedida, para adecuación de casetas de aseos para mellora na accesibilidade e que ascende a un total de dezanove mil cincocentos cincuenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (19.559,65 €), de conformidade cos seguintes gastos:*

- *Factura nº 43 de 'MADEIRAS IMPREGNADAS PARA EXTERIOR SL', polo concepto de aseo caleta, dúas cabinas, polo importe de dez mil catrocentos vinte e catro euros con quince céntimos (10.424,15 €); factura aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 17.07.2017 e pagada mediante transferencia bancaria o día 28.07.2017.*
- *Factura nº 43 de 'MADEIRAS IMPREGNADAS PARA EXTERIOR SL', en concepto de aseo caleta e panel contrachapado, polo importe nove mil cento trinta e cinco euros con cincuenta céntimos (9.135,50 €); factura aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 29.09.2017 e pagada mediante transferencia bancaria o día 29.09.2017.*

*Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan anteriormente.*

*Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que consta na contabilidade, no expediente e na memoria redactada".*

| **Expediente 6991/2017. Proxecto ampliación rede abastecemento O Fuxiño** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:



Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO EN O FUXIÑO:*

*1º.- Visto a necesidade de dotar de abastecemento a zona do Fuxiño onde se aproveitará a instalación dun colector de saneamento para deixar colocada a tubaxe de abastecemento pero que actualmente carece de servizo debido a que a presión existente no punto de conexión non é suficiente para dar servizo ás vivendas sitas nas inmediacións.*

*2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta técnica municipal cun orzamento total (IVE incluído) de doce mil catrocentos sesenta e dous euros con oitenta e catro céntimos (12.462,84 €).*

*Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO por urxencia:*

** Aprobación do proxecto: "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO EN O FUXIÑO".*

**Expediente 6990/2017. Proxecto de ampliación rede de abastecemento Praia Castiñeiras**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO EN PRAIA CASTIÑEIRAS*

*1º.- Vista a necesidade de ampliar a rede de abastecemento no vial de acceso á Praia Castiñeiras ao ser unha zona que actualmente carece de servizo.*

*2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta técnica municipal cun orzamento total (IVE incluído) de cincuenta e tres mil catrocentos vinte e dous euros con setenta e nove céntimos (53.422,79 €).*

*Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO por urxencia:*

** Aprobación do proxecto: "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO EN PRAIA CASTIÑEIRAS".*

**Expediente 6989/2017. Proxecto de pavimentación tramo rúa Álvaro Guitián**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO 'PAVIMENTACIÓN TRAMO RÚA ALVARO GUITIÁN, CASCO VELLO'*

*1º.- Vista a necesidade de actuación para a renovación do pavimento do último tramo da rúa Álvaro Guitián, en contacto coa Avenida de Vigo, debido ao mal estado que presenta o firme e ás malas calidades da pedra existente de escaso espesor, cun sistema unitario de fecais e pluviais, en mal estado con abundantes perdas, así como a liña de abastecemento que presenta abundantes fugas, dentro do límite mais inmediato ao casco vello de Cangas. Sendo esta rúa unha das principais arterias de entrada ao casco vello, cunha superficie aproximada de intervención acotada en 245 m2., aproximadamente que provoca innumerables caídas e problemas para o tránsito peonil e rodado.*

*2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta municipal Mª Isabel Medraño cun orzamento de:*

*01 ACTUACIÓNS PREVIAS.......................................................................................... 3.479,00*
*02 INST. ABASTECEMENTO........................................................................................ 2.663,89*
*03 INST. PLUVIAIS E SANEAMENTO........................................................................ 10.213,89*
*04 ILUMINACIÓN PÚBLICA ........................................................................................ 1.563,63*
*05 PAVIMENTACIÓN.................................................................................................. 20.702,50*
*06 SEGURIDADE E SAÚDE.......................................................................................... 1.212,95*
*07 XESTIÓN DE RESÍDUOS ........................................................................................... 808,50*
*08 VARIOS ..................................................................................................................... 1.000,00*

*TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL:............................................ 41.644,36*
*13,00 % Gastos xerais.................................................................. 5.413,77*
*6,00 % Beneficio industrial.......................................................... 2.498,66*
*SUMA DE G.G. e B.I................................................................... 7.912,43*
*21,00 % I.V.E............................................................................. 10.406,93*
*TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA......................................... 59.963,72*
*TOTAL PRESUPOSTO XERAL.............................................. 59.963,72*

*Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO por urxencia:*

** Aprobación do proxecto: 'Pavimentación tramo rúa Álvaro Guitián'".*

**Expediente 6779/2017. Proxecto "Enredos" de actividades de ocio e tempo libre.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta:

*"Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte:*
*PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO PROGRAMA 'ENREDOS'*

*Desde esta concellería, apóstase polos proxectos de lecer e tempo libre para nenos e nenas que ademais leven aparellado a conciliación da vida familiar e laboral, de aí a necesidade de pór en marcha o proxecto 'Enredos' que programará actividades de lecer e tempo libre, xunto con comedor durante diversas épocas do ano. As actividades terán as seguintes características:*

*1.- As actividades desenvolveranse en distintas épocas do ano.*

*2.- As persoas interesadas e que cumpran cos requisitos, poderán inscribirse nas seguinte modalidades:*

** Por semana enteira.*
** Tres día a semana (luns, mércores e venres).*
** Dous días á semana (martes e xoves).*
** Campamento naútico 1 quincena.*
** Comedor.*

*As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:*

** Estar empadroados/empadroadas en Cangas.*

*3.- Con base no acordo plenario do 23 de novembro de 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1, di: que o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que así mesmo no seu punto 4 di: que con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo.*

*Os prezos que se establecen son:*

** Por semana enteira: 25,00 €/semana.*
** Tres día á semana (luns, mércores e venres): 15,00 €/semana.*
** Dous días a semana (martes e xoves): 10,00 €/semana.*
** Campamento naútico 1 quincena: 45,00 €*
** Comedor: 4,00 €/día.*
** Actividades sen comedor: 5 €/día.*

*Cando o importe a aboar por unha familia supere os douscentos euros (200,00 €), poderá fracionarse o pago, a pedimento do/da interesado/interesada realizándose do seguinte xeito:*

** 1º pagamento do 50% no momento de realizar a inscrición; 2º pagamento do 50%, na semana anterior ao inicio da actividade. Para solicitar o pago fracionado deberá domiciliarse o 2º pagamento.*

*4.- As persoas solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida con base a cumprir unha serie de requisitos:*

*1º.- Desconto por varios irmáns: a inscrición dos irmáns terá unha bonificación do 50% cada un deles a partires da 2ª inscrición.*

*Esta bonificación somentes se aplicará sobre o prezo das actividades e non sobre o prezo do comedor.*

*2º.- Desconto tendo en conta a a situación económica do/da solicitante e o seu cónxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requirida e no prazo establecido que coincidirá co período de inscrición no programa 'Enredos'. Dita documentación servirá de*

*base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta todos os ingresos do/da solicitante e cónxuxe ou parella, que comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu réxime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. As bonificacións serán as seguintes:*

- *Bonificación do 100% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares perceptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [ingreso mínimo: 75% do IPREM (403,38 €) + complemento familiar: 14% do IPREM mensual adicional polo 2º membro (75,29 €); 12% adicional polo 3º (64,54 €); 10% adicional polo 4º e sucesivos (53,78 €) + complemento de alugamento: 10% adicional (53,78 €), sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto.*

| *Nº DE MEMBROS DA FAMILIA* | *INGRESOS ANUAIS* | *INGRESOS MEDIOS* |
|---|---|---|
| *Familia de 2 membros* | *6.389,40 €* | *532,45 €/mes* |
| *Familia de 3 membros* | *7.163,88 €* | *596,99 €/mes* |
| *Familia de 4 membros* | *7.809,24 €* | *650,77 €/mes* |
| *Familia de 5 membros* | *8.454,60 €* | *704,55 €/mes* |
| *Familia de 6 membros* | *9.099,96 €* | *758,33 €/mes* |

- *Bonificación do 85% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% da contía da RISGA (ingreso mínimo + complemento familiar + complemento de alugamento).*

| *Nº DE MEMBROS DA FAMILIA* | *INGRESOS ANUAIS* | *INGRESOS MEDIOS* |
|---|---|---|
| *Familia de 2 membros* | *7.986,75 €* | *665,56 €/mes* |
| *Familia de 3 membros* | *8.954,75 €* | *746,24 €/mes* |
| *Familia de 4 membros* | *9.761,55 €* | *813,46 €/mes* |
| *Familia de 5 membros* | *10.568,25 €* | *880,69 €/mes* |
| *Familia de 6 membros* | *11.374,95 €* | *947,91 €/mes* |

· *Bonificación do 60% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

| *Nº DE MEMBROS DA FAMILIA* | *INGRESOS ANUAIS* | *INGRESOS MEDIOS* |
|---|---|---|
| *Familia de 2 membros* | *8.067,54 €* | *672,30 €/mes* |
| *Familia de 3 membros* | *9.277,67 €* | *773,15 €/mes* |
| *Familia de 4 membros* | *10.487,80 €* | *874,00 €/mes* |
| *Familia de 5 membros* | *11.697,93 €* | *974,85 €/mes* |
| *Familia de 6 membros* | *12.908,06 €* | *1.075,70 €/mes* |

· *Bonificación do 50% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

| *Nº DE MEMBROS DA FAMILIA* | *INGRESOS ANUAIS* | *INGRESOS MEDIOS* |
|---|---|---|
| *Familia de 2 membros* | *9.681,05 €* | *806,76 €/mes* |
| *Familia de 3 membros* | *11.133,21 €* | *927,77 €/mes* |
| *Familia de 4 membros* | *12.585,37 €* | *1.048,78 €/mes* |
| *Familia de 5 membros* | *14.037,53 €* | *1.169,79 €/mes* |
| *Familia de 6 membros* | *15.489,69 €* | *1.290,80 €/mes* |

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

*5.- Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a administración anule a actividade.*
*Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.*


Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

| |
|---|
| *A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na lei. Deberá dirixirse ao alcalde/presidente".* |

**Expediente 3344/2017. Proposta da Alcaldía s/adxudicación da concesión administrativa de uso privativo para instalación de estación base de telecomunicacións no Polideportivo Municipal do Gatañal**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Visto que con data 23.05.2017, con rexistro de entrada nº 5811, se solicitou por 'ORANGE ESPANGE SA', a instalación dunha estación base de telecomunicacións no Polideportivo Municipal do Gatañal, ben de dominio público propiedade do Concello de Cangas, polo que se pretende realizar unha concesión administrativa de uso privativo do mencionado ben de dominio público.*

*Visto que o capítulo II, título III da Lei xeral de telecomunicacións, recoñece aos operadores o dereito á ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación de redes de comunicacións electrónicas, podendo mesmo, cando iso resulte estritamente necesario para a instalación da rede e sempre que non existan outras alternativas economicamente viables, ter dereito á ocupación da propiedade privada, xa sexa a través da súa expropiación forzosa, xa sexa mediante a declaración de servidume forzosa de paso.*

*Malia o anterior, o recoñecemento deste dereito de ocupación por parte da lei, non é óbice para a aplicación da lexislación patrimonial das administracións públicas cando as infraestruturas se pretenden instalar en bens de titularidade municipal.*

*Visto que con data 6 de novembro de 2017, se emitiu informe polos servizos técnicos municipais sobre a valoración do ben inmoble obxecto da concesión.*

*Visto que o órgano competente para aprobar e adxudicar a concesión é a Alcaldía porque o importe da concesión ascende a seis mil euros (6.000,00 €/anuais) e por tanto, non supera nin o 10% dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello nin a contía de seis millóns de euros.*

*Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

*PRIMEIRO.- Adxudicar a 'ORANGE ESPANGE SA', a concesión administrativa de uso privativo para a instalación dunha estación base de telecomunicacións no Polideportivo Municipal do Gatañal, cualificado como ben de dominio público.*

*SEGUNDO.- Notificar a 'ORANGE ESPANGE SA', adxudicatario do inmoble, a presente*

*resolución e citarlle para a formalización do contrato.*

*TERCEIRO.- Publicar a formalización da concesión no perfil de contratante.*

*CUARTO.- Advertir a 'ORANGE ESPANGE SA', que para a instalación da estación base de telecomunicacións no polideportivo municipal do Gatañal deberá darse previo cumprimento do disposto no requirimento de Alcaldía de correción de deficiencias de data 3 de xullo de 2017".*

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**